

OBRADOIROS DE VERÁN DA CLÁSICA

CAMPAMENTO DE CREACIÓN MUSICAL E SONORA

CAMPAMENTO DE CREACIÓN MUSICAL E SONORA



XULLO 2024

a clásica

XULLO 2024

XULLO 2024

CAMPAMENTO DE CREACIÓN MUSICAL E SONORA

OBRADOIROS DE VERÁN DA CLÁSICA

O verán é o momento óptimo para complementar a formación con ideas novas a través do xogo. Por iso, dende A Clásica queremos aproveitar o mes de xullo para explorar a orquestra e a música dende unha visión aberta, actual e creativa.

Neste verán ofreceremos a terceira edición dos campamentos da Clásica, un proxecto que presentará un ano máis a orquestra como concepto creativo e transversal: unha ferramenta xenial para descubrir músicas novas e espertar a curiosidade.

Durante as dúas quincenas do mes de xullo realizaremos un percorrido guiado pola música do último século, coñecendo abraiantes propostas e poñéndoas en práctica para comprendelas.

Cada semana traballaremos con dous artistas singulares importantes para entender a música actual, polo que será posible asistir todo o mes de xullo sen repetir.

O programa busca ofrecer aos rapaces e rapazas unha base para explorar a música con liberdade, vista dende diferentes perspectivas artísticas, estimulando a curiosidade con obras novidosas para eles e elas.

ACTIVIDADES

- ▶ Actividades musicais en grupo
- ▶ escoita e coñecemento de novos repertorios
- ▶ Obradoiros formativos con artistas
- ▶ Visitas a espazos singulares relacionados coa música

INFORMACIÓN BÁSICA

- ▶ Idades: de 10 a 14 anos.
- ▶ Datas: 1-12 de xullo | 15-26 de xullo
Existe a posibilidade de asistir unha semana, dúas, tres ou todo o mes, pois non se repiten os contidos.
- ▶ Horarios: de luns a venres de 10:00h a 14:00h.
- ▶ Destinatarios/as: Esta proposta musical está destinada a rapazas e rapaces interesados na música, preferiblemente con formación musical. Non se empregarán instrumentos tradicionais nestas actividades grupais.
- ▶ Prazas ofertadas: 20
- ▶ Prezos: Semana 90€ | Quincena: 160€ | Tres semanas: 220€
Catro semanas: 300€
- ▶ Servizo madruga opcional: Axuda á conciliación adiantando a hora de entrada ás 9:00h (custe non incluído no prezo)
- ▶ Contacto: Atenderemos calquera dúbida no teléfono 604063919 ou no correo xerencia@orquestaclasica.com

Reserva a túa praza a través [DESTE FORMULARIO](#) ou chamando ao teléfono 604063919.



a clásica